

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL ANCARES-COUREL

MEMORIA DE ACTIVIDADES E CONTAS DO ANO 2008

DOCUMENTO APROBADO EN ASSEMBLEA XERAL

SÁBADO 12 / SETEMBRO / 2009

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2008

A Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares Courel nace legalmente o día 12 de setembro de 2008, en Becerreá, coa fundación por parte de 58 entidades, entre asociacións, comunidades de montes veciñais en man común, cooperativas, sindicatos agrarios, concellos, etc.

Previamente, sucederanse unha serie de xuntanzas preparatorias dende o mes de abril, e unha asemblea preconstituínte, no día 2 de agosto, onde se pechou a última versión dos estatutos antes de seren aprobados na asemblea da fundación. Tamén previamente se acordara a entrada do concello de Folgoso do Courel no ámbito territorial do Grupo de Desenvolvemento Rural nº 5, modificando así a proposta inicial de Agader de incluílo noutro GDR.

Unha vez constituída a asociación, durante o ano 2008, as actividades realizadas foron fundamentalmente as derivadas da encomenda realizada á Xunta Directiva, ao respecto de presentar a candidatura da asociación para recoñecerse como entidade xestora dos fondos Leader para o territorio formado polos concellos de As Nogais, Baralla, Becerreá, Cervantes, Folgoso do Courel, Navia de Suarna e Pedrafita do Cebreiro.

Así, realízanse durante o 2008 as seguintes actividades:

Candidatura como GDR-5:

O 16 de Setembro de 2008 preséntase a candidatura da asociación para converterse no organismo xestor dos fondos Leader para o GDR-5, Programa Leader 2007-2013. Previamente, persoas voluntarias da asociación viñeran facendo un traballo de formulación da estratexia, e se organizaran reunións coas entidades por diferentes concellos para recaba-la súa opinión.

Complétase a documentación entregada e mellórase a estratexia presentada. Isto realízase coa participación de diversas entidades socias, e en traballo coordinado con Agader. Asimesmo, prepáranse definitivamente os termos de sinatura do convenio de colaboración entre a asociación e Agader.

O 29 de decembro de 2008 o Director Xeral de Agader asina a resolución favorable a que a Asociación se convirta en entidade colaboradora na xestión, así como tamén beneficiaria, dos fondos Leader.

Posta en marcha e funcionamento da asociación:

Realízanse diferentes trámites para o correcto funcionamento da asociación, que son a inscrición no Rexistro de Asociación da Xunta de Galicia, e a obtención do CIF (Hacienda). Por outra banda, a Xunta Directiva elabora e aproba o borrador do Regulamento de Réxime Interno, que queda pendente de aprobación pola asemblea.

MEMORIA DE CONTAS 2008

Durante o ano 2008, os movementos nas contas da asociación son os que seguen:

INGRESOS:	16/09/2008: Cotas de entrada na asociación	1560,00 €
	Cotas de entrada de socios incorporados	1160,00 €
	Cotas de entrada de entidades pendentes de incorporación	400,00 €
	16/12/2008: Intereses xerados na conta bancaria	1,05 €
GASTOS:		0,00 €
TOTAL LÍQUIDO A 31 DE DECEMBRO DE 2008:		1561,05 €

INFORMACIÓN XERAL DA ASOCIACIÓN
Actualizada a 23 de Setembro de 2009

Nome legal: ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL ANCARES COUREL

Inscripción no Rexistro Xeral de Asociacións da Xunta de Galicia: Número 12.430

CIF: G - 27385491

BLOG: <http://gdr5ancarescourel.blogspot.com>

OFICIÑA TÉCNICA:

ENDEREZO: R/ Bolaño Mendo s/n; Edificio San Xoán, 4º; /27640/ - Becerreá.

CORREO ELECTRÓNICO: gdr5ancarescourel@gmail.com

TELÉFONOS: 982 360 824 e 606 035 964

HORARIO: mañás de 09:00 a 14:00, de luns a venres

tardes de 16:00 a 20:00, de luns a xoves. Preciso chamar antes.

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA
23 / Setembro / 2009

Persoa	Cargo
José Fernández Gómez	Presidente; asegura a presenza das cooperativas
José Espín Mejía	Vicepresidente
Óscar Carrete Lage	Secretario, asegura a presenza de asociacións de mozos/as
Isolina Rodríguez López	Tesoureira
Ana Álvarez Fernández	Vocal, representante da MESA AGROFORESTAL
Eva Pérez Álvarez	Vocal, asegura a presenza de asociación de mulleres
José A. González Fernández	Vocal, representante da MESA MEDIOAMBIENTAL
José Luis López Galán	Vocal, asegura a presenza de Organizacións Profes. Agrarias
Juan Álvarez González	Vocal
Lois Manuel Toirán Vázquez	Vocal
Manuel A. Vázquez Torrón	Vocal, representante da MESA EMPRESARIAL E DESENVOLVEMENTO RURAL
Manuel Gómez López	Vocal
Ovidio Montaña Regueira	Vocal, representante da MESA DA VIDA COTIÁ DOS POBOS
Ramiro Martínez Carballosa	Vocal
José Luis Raposo Magdalena	Vocal
José Fernández Fernández	Vocal

Para contactar con calquera persoa da Xunta Directiva, poden facelo directamente ou ben a través da oficina técnica.